

XOVES SANTO DA DERRADEIRA CEA DO SEÑOR

As lecturas da misa crismal atópanse no Lec. II, núm. 260.

MISA DA DERRADEIRA CEA DO SEÑOR

PRIMEIRA LECTURA **Mandatos acerca da cea pascual**

Lectura do libro do Éxodo 12, 1-8. 11-14

Naqueles días, o Señor díxolles en Exipto a Moisés e a Aharón: —«Teredes este mes polo primeiro dos meses, o mes principal ; todo o ano. Dícídelle a toda a comunidade de Israel: "Que no día dez deste mes cadaquén se procure un año por familia, un por casa. Se a familia é moi pequena para come-lo año enteiro, que se xunte co seu veciño, co máis próximo á súa casa, de xeito que, tendo en conta o número de comensais, o año se axuste ó que entre todos poidan comer.

O animal, que será sen defecto, macho e dun ano, procurarédelo entre os años ou entre os cabritos.

Gardarédelo ata o catorce deste mes e, entre lusco e fusco dese día, inmolarao a comunidade toda de Israel en assemblea. Colleréde-lo sangue e mollaredes con el as xambas e o lintel das casas nas que se vai comer.

Comeréde-la carne esa noite, asada no lume, con pan sen levedar e con verduras amargas.

Comerédelo deste xeito: A cintura cinguida, as sandalias nos pés, o caxato na man. Comerédelo ás presas, pois é a Pascua, o Paso do Señor.

Esa noite pasarei eu por todo Exipto e ferirei de morte a tódolos primoxénitos, desde os dos homes ata os do gando. Farei cumprida xustiza contra tódolos deuses de Exipto. Eu, o Señor.

O sangue será o sinal das casas onde vós habitades. En vendo o sangue, pasarei sen me deter, e así, cando eu fira a Exipto, non vos tocará a vós a praga exterminadora.

Este día quedaravos como lembranza perpetua e faredes nel festa ó Señor. Será festa de precepto por tódalas xeracións."»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 115, 12-13. 15-16bc. 17-18 (R.: cf. 1Cor 10, 16)

R.: O cáliz de bendición é a comunión do Sangue de Cristo.

¿Con que lle pagarei ó Señor
todo o ben que me fixo?
Alzarei a copa da salvación,
invocando o nome do Señor. **R.**

É, preciosa ós ollos do Señor
a morte dos seus amigos.
Señor, eu son o teu servo,
servo teu e fillo da túa serva:
¡ti rompíche-las miñas cadeas! **R.**

Ofrecereiche un sacrificio de loanza,
invocando o teu nome, Señor.
Cumprirei os meus votos ó Señor,
á vista de todo o seu pobo. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Cantas veces comades deste pan e bebedes deste viño,
anunciáde-la morte do Señor

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios **11, 23-26**

Irmáns:

Eu recibín do Señor, e transmitivos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar gracias, partiuno e dixo:

—«Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.»

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

—«Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en memoria miña.»

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciáde-la morte do Señor, ata que El volva.

Palabra do Señor.

Versículo Xn 13, 34

Douvos un mandamento novo, di o Señor,
que vos amedes uns a outros como eu vos ameí.

EVANXEO
Amounos ata a fin

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán **13, 1-15**

Antes da festa da Pascua, sabía Xesús que lle chegara a hora de pasar deste mundo para onda o Pai; e xa que amara os seus que estaban no mundo, amounos ata a fin.

E mentres ceaban —xa o Satán lle movera o corazón a Xudas, o de Simón Iscariote, para que o entregase—, sabendo que o Pai lle puxera todo nas mans, e que saíra de Deus e ía onda Deus, ergueuse da mesa e deixou a túnica; e collendo unha toalla, cinguiuse con ela. Despois, botou auga nunha palangana e comezou a lavarlle-los pes ós discípulos e a secarllelos coa toalla que levaba cinguida.

Pero, cando chegou onda Simón Pedro, este díxolle:

—«Señor, ¿vasme ti lava-los pés a min?» Xesús respondeulle:

—«O que eu fago, ti non o entendes agora; halo comprender despois.»

Pedro replicoulle:

—«Ti non me lavara-los pés a min endexamais.» Xesús respondeulle:

—«Se non te lavo, non terás parte comigo.»

Exclamou Simón Pedro:

—«Señor, daquela os pés, as mans e maila cabeza.»

Dille Xesús:

—«Quen se bañou, non precisa máis que lava-los pes, pois está todo limpo; e vós estades limpos, aínda que non todos.»

Sabía quen o había de entregar: por iso dixo: «Non todos estades limpos.»

Despois de que Xesús lles lavou os pés e vestiu a súa túnica, sentou outra vez e preguntoulles:

—«¿Comprendéde-lo que fixen convosco? Vós chamádesme "Mestre" e "Señor" e dicides ben porque o son. Logo, se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, tamén vós debedes lavarvos-los pés uns a outros.

Deivos así un exemplo, para que, como eu fixen convosco, así fagades tamén vós.»

Palabra do Señor.

VENRES SANTO

CELEBRACION DA PAIXON DO SEÑOR

PRIMEIRA LECTURA

Foi ferido por culpa das nosas iniquidades

(4º Canto do Servo)

Lectura do libro do profeta Isaías 52, 13—53, 12

Velaquí: o Excelso, o Sublime, o Altísimo daralle éxito ó seu Servo. A gran multitude quedará abraiada diante del, pois o seu aspecto non parecía o dun home, a súa figura non parecía a dun fillo de Adán. Pero agora fará conmover a pobos numerosos: por causa del os reis pecharán a súa boca, porque contemplarán o que nunca se lles contou, e comprenderán o que nunca escoitaron.

¿Quen creu o que lle dixemos?

¿A quen se lle revelou o brazo do Señor?

El subiu coma tenro gromo na súa presenza, coma raíz en terra reseca. Non tiña beleza nin esplendor; vímolo, e o seu aspecto non era atraente. Desprezado, o máis rexeitado dos homes, varón de sufrimentos, familiarizado coa dor.

Coma alguén de quen se esconde a cara, desprezado, non lle tivemos aprezo.

El cargou coas nosas dores, el soportou os nosos sufrimentos.

Nós considerámolo ferido, castigado por Deus e aflixido.

Pero foi ferido por causa das nosas rebeldías, foi esmagado polas nosas iniquidades.

O castigo que nos trouxo a paz caeu sobre el, a súa ferida foi a nosa curación.

Todos nós, coma rabaño, andabamos perdidos, cada un polo seu camiño.

Pero o Señor puxo nel a iniquidade de todos nós.

Foi oprimido, foi aflixido; pero el non abriu a súa boca.

Foi levado coma unha res á matanza, e, coma ovella muda ante o tosquador, non abriu a súa boca.

Foi levado cun xuízo perverso, ningúen se preocupou da súa vida.

El foi arrincado do mundo dos vivos, para o noso ben foi ferido pola rebeldía do seu pobo.

Puxeron a súa sepultura entre os malvados, e a súa tumba entre os ricos,

aínda que non cometeu violencia, nin houbo fraude na súa boca.

O Señor quixo esmagalo co seu sufrimento: Si, entrega a túa vida en expiación polo pecado.

Pero el verá descendencia, alongará os seus días e por medio del cumprirase a salvación do Señor. Polos traballos da súa vida verá a luz, alcanzará a sabedoría.

O Xusto volverá xusto o seu Servo para o ben de moitos e as iniquidades destes el soportará. Por isto repartirei con el xunto cos grandes, e cos poderosos terá parte no botín, porque entregou a súa vida á morte e foi contado cos malvados.

Si, el foi o que cargou co pecado de moitos e fai a intercesión polos malvados.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial **Sal 30, 2 e 6. 12-13. 15-16. 17 e 25 (R.: Lc 23, 46)**

R. Meu Pai, nas túas mans entrego o meu espírito.

Abrígame en ti, Señor,
que endexamais me vexa defraudado;
Nas túas mans entrego o meu espírito,
ti, Señor, o Deus fiel, hasme librar. **R.**

Son o riso dos inimigos,
a burla dos meus veciños.
Para os meus coñecidos son espanto:
foxen ó verme na rúa.
Esquécense de min, coma dun morto;
eu son coma un cacharro que non serve. **R.**

Mais eu teño confianza en ti, Señor,
e digo: «Ti e-lo meu Deus.»
Nas túas mans está o meu porvir:
líbrame do poder dos inimigos e dos meus perseguidores. **R.**

Fai brilla-lo teu rostro para o teu servo,
sálvame, pola túa misericordia.
Sede fortes e valentes os que esperades no Señor. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Aprende a obediencia e fíxose autor da salvación
para tódolos que o obedecen

Lectura da carta ós Hebreos 4, 14-16; 5, 7-9

Irmáns:

Xa que temos un gran Sumo Sacerdote que penetrou no ceo, Xesús, o Fillo de Deus, manteñámo-la esperanza que profesamos.

Pois non temos un Sumo Sacerdote incapaz de se compadecer das nosas debilidades, senón un Sumo Sacerdote probado en todo coma nós, fóra do pecado. Acheguémonos, pois, con liberdade ó trono da gracia, para conseguirmos misericordia e acada-la gracia para unha axuda no tempo debido.

Cristo, nos días da súa vida mortal, a berros e con bágoas, presentou oracións e súplicas a quen o podía salvar da morte e Deus escoitouno por mor da súa docilidade. Aínda que era Fillo, aprendeu sufrindo o que é obedecer; e, consumada deste xeito a súa consagración sacerdotal, converteuse para tódolos que lle obedecen en causa de salvación eterna.

Palabra do Señor.

Versículo Flp 2, 8-9

Cristo abaxouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte, e á morte na cruz.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome.

EVANXEO

Paixón do noso Señor Xesús Cristo segundo Xoán 18, 1—19, 42

Prederon a Xesús e atárono

C. Naquel tempo, saíu Xesús cos seus discípulos para a outra banda do regueiro Cedrón, onde había unha horta, na que entrou el e mailos seus discípulos. Tamén Xudas, o que o había entregar, coñecía aquela horta, pois en moitas ocasións estivera alí Xesús cos seus discípulos. Xudas levaba a patrulla e a garda dos sumos pontífices e dos fariseos, chegou alí con farois, fachos e armas. Entón Xesús, sabendo todo o que lle viña enriba, adiantouse e preguntoulles:

+ —«¿A quen buscades?»

C. Respondéronlle:

S. —«A Xesús de Nazaret»

C. Díxolles El:

+ —«Eu son.»

C. Estaba tamén con eles Xudas, o que o entregaba. Cando lles dixo: «Eu son», botáronse para atrás e caeron ó chan. Entón, preguntoulles outra vez:

+ —«¿A quen buscades?»

C. Eles contestaron:

S. —«A Xesús de Nazaret.»

C. Xesús respondeulles:

+ —«Díxenvos que "son eu": así que, se me buscades a min, deixade marchar a estes.»

C. Así cumpriuse a palabra que dixera: «Non perdín ningún dos que me deches.»

Entón Simón Pedro, que tiña unha espada, desenvaiñouna e feriu ó garda do Sumo Sacerdote, rabenándolle a orella dereita. O nome do garda era Malco. Pero Xesús díxolle a Pedro:

+ —«Mete a espada na vaiña; ¿e, logo, non hei bebe-lo cáliz que me deu o Pai?»

Levaron primeiro a Xesús onda Anás

C. Entón a patrulla, o tribuno e mailos gardas dos xudeus, agarraron a Xesús e prendérono.

Levárono primeiro onda Anás, que era sogro de Caifás, o Sumo Sacerdote daquel ano. Era Caifás aquel que lles dera ós xudeus o consello: «Convén que un home morra polo pobo.»

Seguían a Xesús Simón Pedro e mais outro discípulo. Este discípulo, por

ser coñecido do Sumo Sacerdote, entrou con Xesús no adro do palacio do Sumo Sacerdote.

Pedro estaba fóra, na porta. Entón saíu o outro discípulo —o coñecido do Sumo Sacerdote—, falou coa porteira, e fixo entrar a Pedro. A porteira preguntoulle a Pedro:

S. —«¿Non es tamén ti dos discípulos dese home?»

C. El contestou:

S. —«Non son.»

C. Estaban os criados e os gardas facendo unha fogueira, porque ía frío, e quecían. Estaba tamén Pedro con eles, de pé, quecendo.

Entón o Sumo Sacerdote interrogou a Xesús acerca dos seus discípulos e da súa doutrina.

Xesús respondeulle:

+ —«Eu falei á vista do mundo, publicamente; eu sempre ensinei sinagoga e no templo, onde se xuntan tódolos xudeus, e non falei ida ás agachadas. ¿Por que me preguntas a min? Pregúntalles ós que me oíron de que lles falei: eles saben ben o que dixeran.»

C. Ó dicir isto, un dos gardas alí presentes deulle unha labazada a Xesús, dicindo:

S. —«¿Así lle respondes ó Sumo Sacerdote?»

C. Xesús replicoulle:

+ —«Se falei mal, demóstrame en que; e se falei ben, ¿por que me pegas?»

C. Entón Anás mandouno amarrado onda Caifás, o Sumo Sacerdote.

¿Non es tamén ti dos seus discípulos?

C. Estaba Simón Pedro de pé, quentándose, e preguntáronlle:

S. —«¿Non es tamén ti dos seus discípulos?»

C. El negouno, dicindo:

S. —«Non son.»

C. Un dos criados do Sumo Sacerdote, parente daquel a quen Pedro lle cortara a orella, replicoulle:

S. —«¿E logo non te vin eu na horta con el?»

C. Pedro negou outra vez; e naquel intre empezou a cantar un galo.

O meu reino non é deste mundo

C. Levaron entón a Xesús de onda Caifás ó Pretorio. Era a amañecida. Eles non entraron no Pretorio para non se contaminaren e así poderen come-la Pascua. Saíu entón fóra Pilatos, onda eles, e preguntou:

S. —«¿Qué acusación traedes contra este home?»

C. Eles responderon:

S. —«Se este non fose un malfeitor, non cho entregabamos.»

C. Díxolles entón Pilatos:

S. —«Collédeo vós e xulgádeo segundo a vosa Lei.»

C. Os xudeus contestáronlle:

S. —«Non nos é lícito matar a ninguén.»

C. Así se cumpriu a palabra de Xesús, sinalando con que morte había morrer.

Entón entrou Pilato outra vez no Pretorio, chamou por Xesús e preguntoulle:

S. —«¿Es ti o Rei dos Xudeus?»

C. Xesús respondeu: ^f

+ —«¿Dilo ti pola túa conta ou dixéroncho outros de min?»

C. Pilato replicou:

S. —«¿E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: ¿que fixeches?»

C. Xesús contestoulle:

+ —«O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase ós xudeus; pero o meu reino non é de aquí.»

C. Díxolle entón Pilato:

+ —«¿Logo ti es Rei?»

C. Xesús respondeu:

+ —«Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ó mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz.»

C. Pilato preguntoulle:

S. —«¿Que é a verdade?»

C. E, dito isto, saíu onda os xudeus e díxolles:

S. —«Eu non atopo nel culpa ningunha. Hai entre vós o costume que eu vos solte alguén pola Pascua. ¿Queredes, logo, que vos solte o Rei dos Xudeus?»

C. Berraron entón outra vez, dicindo:

S. —«Non. A ese non; a Barrabás.»

C. O tal Barrabás era un bandido.

¡Salve, Rei dos Xudeus!

C. Entón Pilato colleu a Xesús e mandouno azoutar. Os soldados, tecendo unha coroa con espiños, puxéronlla na cabeza, vestíronlle un manto de púrpura, e, inclinándose diante del, dicíanlle:

S. —«¡Salve, Rei dos Xudeus!»

C. E dábanlle labazadas. Pilato saíu outra vez fóra e díxolles:

S. —«Mirade, tráiovolos fóra, para que vos decatedes de que non atopo nel culpa ningunha.»

- C.** Entón saíu fóra Xesús, levando a coroa de espiños e o manto púrpura. Pilato díxolles:
- S.** —«Ei-lo home.»
- C.** Cando o viron, os sumos sacerdotes e os gardas berraron:
- S.** —«¡Crucifícao, crucifícao!»
- C.** Pilato respondeulles:
- S.** —«Collédeo vós e crucificádeo, que eu non atopo culpa nel.»
- C.** Os xudeus replicaron:
- S.** —«Nós temos unha Lei, e conforme a Lei debe morrer, por se facer Fillo de Deus.»
- C.** Cando Pilato oíu estas palabras colleu moito medo, entrou outra vez no Pretorio e preguntoulle a Xesús:
- S.** —«¿De onde es ti?»
- C.** Pero Xesús non lle deu unha fala. Entón Pilato insistiu:
- S.** —«¿Comigo non falas? ¿Non sabes que teño poder para soltarte e poder para te crucificar?»
- C.** Xesús respondeulle:
- +** —«Non terías ningún poder sobre min, se non cho desen de arriba. Por iso, o que me entregou a ti ten maior pecado.»

¡Fóra, fóra! ¡Crucifícao!

- C.** Despois disto Pilato procuraba liberalo. Pero os xudeus berraban:
- S.** —«Se soltas a ese, non es amigo do César: todo o que se fai rei, oponse ó César.»
- C.** Pilato, oídas estas palabras, levou para fóra a Xesús e sentouno no tribunal, no sitio nomeado «O enlousado», en hebreo «Gábaza». Era o día da Preparación da Pascua, alá contra as doce da mañá. Díxolles ós xudeus:
- S.** —«Velaquí o voso rei.»
- C.** Pero eles berraban:
- S.** —«¡Fóra, fóra! ¡Crucifícao!»
- C.** Pilato preguntoulles:
- S.** —«Pero ¿como vou crucifica-lo voso rei?»
- C.** Os sumos sacerdotes insistiron:
- S.** —«Non temos máis rei có César.»
- C.** Daquela, entregóullelo para que o crucificasen.

Crucificaron a Xesús, xunto con outros dous

- C.** Entón colleron a Xesús. Cargando el mesmo coa cruz, saíu para o lugar chamado da Caveira, que se di Gólgota en hebreo. Alí o crucificaron, xunto con outros dous, un a cada lado, e Xesús no medio.

Escrebiu Pilato un título e púxoo na cruz. O escrito era: «Xesús o Nazareno, o Rei dos Xudeus.» Moitos dos xudeus leron este título, porque o sitio onde Xesús foi crucificado estaba cerca da vila, e estaba escrito en hebreo, latín e grego. Os sumos sacerdotes dixéronlle a Pilato:

S. —«Non escribas "O Rei dos Xudeus", senón que el dixo: "Son Rei dos Xudeus."»

C. Pilato respondeu:

S. —«O escrito, escrito está.»

Repartiron as rniñas roupas

C. Entón os soldados, cando crucificaron a Xesús, colleron a roupa del —e fixeron catro partes, unha parte para cada soldado—, e maila túnica. Era a túnica sen costura, tecida dunha peza de arriba abaixo. E faláron entre eles:

S. —«Non a rachemos: sorteémola a ver a quen lle toca.»

C. Así cumpriuse a Escritura, que di: «Repartiron entre eles a miña roupa e sortearon a miña túnica.»

Tal fixeron os soldados.

Velaí o teu fillo. Velaí a túa nai

C. O pé da cruz de Xesús estaban súa nai e a irmá de súa nai, María a de Cleofás, e mais María a Madalena. Xesús, vendo a súa nai e, onda ela, o discípulo a quen amaba, díxolle á nai:

+ —«Muller, velaí o teu fillo.»

C. Despois díxolle ó discípulo:

+ —«Velaí a túa nai.»

C. Desde aquela hora o discípulo acolleuna con el.

Está cumprido

C. Despois disto, sabendo Xesús que xa todo estaba acabado, para que se cumprise plenamente a Escritura, dixo:

+ —«Teño sede.»

C. Había alí un xerro cheo de vinagre. Entón, atando unha esponxa empapada de vinagre a unha cana de hisopo, achegáronlla á boca. Cando probou Xesús o vinagre dixo:

+ —«Está cumprido.»

C. E, inclinando a cabeza, entregou o espírito.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa.

No instante saíu sangue e auga

C. Entón os xudeus, como era o Día da Preparación, para que non permanecesen os corpos na cruz durante o sábado —pois era grande aquel día de sábado—, rogáronlle a Pilato que lles rompesen as pernas e os retirasen.

Viñeron, logo, os soldados, e rompéronlle-las pernas ó primeiro e mais ó outro que crucificaran con el. Pero ó chegaren onda Xesús, como o viron xa morto, non lle romperon as pernas, senón que un dos soldados lle traspasou o costado cunha lanza; e no instante saíu sangue e auga.

Quen o viu dá testemuño, e o seu testemuño é verdadeiro; el sabe que di a verdade, para que tamén vós creades. Porque isto aconteceu para que se cumprise a Escritura: «Non lle crebarán óso ningún.» E noutro lugar di: «Han mirar para quen traspasaron.»

Enfaixáron o corpo de Xesús en panos, con aromas

C. Despois disto, Xosé o de Arimatea, que era discípulo de Xesús —unque ás agachadas, por medo ós xudeus—, rogoulle a Pilato que lle deixase retirar-lo corpo de Xesús. Pilato accedeu. Foi e retirou o corpo.

Foi tamén Nicodemo —aquele que primeiramente viñera onda Xesús de noite—, levando unha mestura de mirra e áloe de case cen libras.

Colleron o corpo de Xesús e, segundo é costume sepultar entre os xudeus, enfaixárono en panos, con aromas. No sitio onde crucificaran a Xesús había un xardín, e no xardín un sepulcro novo, que aínda non usara ninguén.

Puxeron alí a Xesús, por mor da Preparación dos xudeus, pois o sepulcro estaba cerca.

Palabra do Señor.

DOMINGO DE PASCUA DA RESURRECCIÓN DO SEÑOR

VIXILIA PASCUAL NA NOITE SANTA

Para a Vixilia Pascual propóñense nove lecturas: sete do Antigo Testamento e dúas do Novo. Se as circunstancias o esixen, e por causas particulares, pódese diminuír o número das lecturas sinaladas. Téñanse polo menos tres lecturas do Antigo Testamento e, nos casos mais urxentes, dúas antes da epístola e o evanxeo. Nunca se omita a lectura do Éxodo sobre o paso do Mar Vermello (terceira lectura).

PRIMEIRA LECTURA

Viu Deus todo canto fixera e era moi bo

Lectura do libro da Xénese 1, 1—2, 2

No principio creou Deus o ceo e a terra. A terra era unha masa informe e baldeira, as tebras cubrían o abismo e un vento poderoso axitaba as augas. Mandou Deus que houbera luz, e houbo luz. Viu Deus que a luz era cousa boa e arredouna das tebras.

Á luz chamouna día e ás tebras chamounas noite. E con iso completouse o primeiro día da semana.

Quixo Deus que houbera un espacio para arredar as augas das augas. E fixo un espacio, que arredaba as augas de enriba das de embaixo. Ó espacio rematado Deus chamouno ceo. E completouse o segundo día.

Mandou Deus que se xuntasen as augas de embaixo nun lugar e que aparecese o chan enxoiro. E así foi. Ó chan enxoiro chamoulle terra e ás augas xuntas, mares. E viu que estaba ben.

Mandou Deus que a terra xermolase herba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa semente, conforme á súa especie.

E así foi.

A terra xermolou herba verde, plantas coa semente conforme á súa especie, e árbores que daban froito, cada unha coa súa semente, conforme á súa especie. E viu Deus que era bo. E completouse o terceiro día.

Mandou Deus que houbera luminarias no espacio para distingui-lo día da noite, para dar sinal das festas, das estacións e dos anos e para que, brillando no espacio, alumasen a terra.

E así foi.

Deus fixo dúas grandes luminarias, unha meirande que rexe o día, e unha máis pequena que rexe a noite, e fixo tamén as estrelas. Deus púxoas no espacio para alumina-la terra, para rexe-lo día e a noite e para distingui-la luz das tebras.

E viu Deus que era bo. E completouse o cuarto día.

Quixo Deus que as augas fosen un fervedoiro de peixes e o espacio entre o ceo e a terra un voar de paxaros. E creou os monstros mariños, os moitos xéneros de peixes que referven nas augas e tódalas sortes de paxaros. E parecéronlle ben. E bendiciunos deste xeito:

—«Reproducídevos, creced, enchede as augas do mar e que os paxaros medren na terra.»

E completouse o quinto día.

Mandou Deus que a terra producise as varias especies de animais, os domésticos, os réptiles e as feras salvaxes. E así foi.

Deus fixo as varias especies de feras salvaxes, animais domésticos, réptiles, e parecéronlle ben.

Despois dixo Deus:

—«Fagámo-lo home á nosa imaxe e á nosa semellanza e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos réptiles todos da terra.»

E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, varón e femia os creou.

E bendiciunos así:

—«Reproducídevos, creced, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles todos da terra.»

E díxolles aínda:

—«Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas árbores que dan froito, coa súa propia semente a fin de que vos sirvan para a mantenza; ás feras todas do monte ós paxaros do ceo e ós réptiles que viven na terra, dóulle-la herba para a mantenza.»

E así foi.

E viu Deus canto fixera e velaí que era de verdade moi bo.

Pasou unha tarde, pasou unha mañá: O día sexto.

Quedaron así rematados o ceo e a terra e tódolos seus elementos Deus concluíu no día sexto a obra que emprendera, e o sétimo día repousou de todo o seu traballo. Deus bendiciu o sétimo día e consagrouno, porque nel repousara de todo o traballo de crear.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura do libro da Xénese 1,1. 26-31 a

No principio creou Deus o ceo e a terra.

Despois dixo Deus:

—«Fagámo-lo home á nosa imaxe e á nosa semellanza e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos réptiles todos da terra.»

E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus varón e femia os creou.

E bendiciunos así:

—«Reproducídevos, creced, enchede a terra e sometédea Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles todos da terra.»

E díxolles aínda:

—«Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas árbores que dan froito, coa súa propia semente. a fin de que vos sirvan para a mantenza; ás feras todas do monte, ós paxaros do ceo e ós réptiles que viven na terra dóulle-la herba para a mantenza.»

E así foi.

E viu Deus canto fixera e velaí que era de verdade moi bo.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 103, 1-2a. 5-6. 10 e 12. 13-14. 24 e 35c (R.: cf. 30)

R. Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Alma miña, bendí o Señor.
Señor, meu Deus, ti es moi grande,
vestido de gloria e maxestade,
envolto en luz coma nun manto. **R.**

Ti asentáche-la terra nos seus alicerces
e non abalará endexamais.
Cubríchela co manto do océano
e as augas subían ó alto dos montes. **R.**

Ti encána-las fontes polos ríos,
que corren entre montañas.
Nas súas ribeiras habitan paxaros,
que cantan na ramallada. **R.**

Desde a túa morada réga-las montañas,
do froito das túas obras fártase a terra.
Ti fas xermolar herba para o gando,
e plantas para uso dos homes,
para que da terra saquen pan. **R.**

¡Cantas son, Señor, as túas obras,
todas feitas con saber!
A terra está chea das túas criaturas.
Alma miña, bendí o Señor. **R.**

Ou:

Sal 32, 4-5. 6-7. 12-13. 20 e 22 (R.: 5b)

R. A misericordia do Señor enche a terra.

A palabra do Señor é recta
e tódalas súas obras son leais:
el ama o dereito e a xustiza,
a súa misericordia enche a terra. **R.**

A palabra do Señor fixo os ceos,
o alento da súa boca os astros todos.
Xuntou, coma nun fol, a auga do mar,
coma en depósitos meteu os océanos. **R.**

Feliz a nación que reconece a Deus por Señor,
o pobo que El escolleu como herdade.
Desde o ceo mira o Señor,
observa a tódolos homes. **R.**

Nós agardámo lo Señor:
El é o noso socorro, o noso escudo.
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Sacrificio do noso Patriarca Abrahán

Lectura do libro da Xénese 22, 1-18

Naqueles días, Deus puxo a proba a Abrahán, chamándoo:

—«¡Abrahán!» El respondeu:

—«Aquí estou.» Deus mandoulle:

—«Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ó país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei.»

Abrahán ergueuse cedo, aparellou o burro e tomou consigo dous criados e mailo seu fillo Isaac. Coa leña cortada para o sacrificio, púxose ó camiño en dirección para o lugar que Deus lle indicara. O terceiro día Abrahán ergueu os ollos e viu o sitio desde lonxe.

Abrahán díxolles ós criados:

—«Esperade aquí co burro. Eu e mailo rapaz chegarémonos ata aló.

Adoraremos e de seguida volveremos onda vós.»

Abrahán colleu a leña do sacrificio e púxolla a Isaac, seu fillo, ás costas.

Tomou na man o lume e o coitelo, e camiñaban os dous xuntos.

Isaac díxolle a seu pai:

—«¡Meu pai!» El respondeu:

—«¿Que queres, fillo?» O rapaz dixo:

—«Levamos lume e leña. Pero ¿onde está o año para o sacrificio?»

Abrahán respondeulle:

—«Meu fillo, o año Deus o proverá.»

E camiñaban os dous xuntos.

Chegados ó lugar que Deus dixera, Abrahán construíu un altar, puxo enriba del a leña, atou o seu fillo Isaac e deitouno no altar, por enriba da leña.

Despois tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrificalo seu fillo.

Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo:

—«¡Abrahán! ¡Abrahán!» El respondeu:

—«Aquí estou.» O anxo dixo:

—«Non póña-la man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negáche-lo teu fillo, o único que tes.»

Abrahán ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado nunha silveira polos cornos. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo.

Abrahán púxolle ó lugar o nome de Moriah. Por iso aínda hoxe se di: «Na montaña o Señor proverá.»

O anxo do Señor chamou a Abrahán outra vez desde o ceo:

—«Xúroche por min mesmo —palabra do Señor— que por faceres isto e non me negáre-lo teu fillo, o único que tes, bendicireite e farei crece-los

teus descendentes coma as estrelas do ceo e as areas do mar.
Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos. Tódolos pobos da terra terán bendición na túa descendencia, por me teres ti obedecido.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura do libro da Xénese 22, 1-2. 9a. 10-13. 15-18

Naqueles días, Deus puxo a proba a Abrahán, chamándoo:

—«¡Abrahán!» El respondeu:

—«Aquí estou.» Deus mandoulle:

—«Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ó país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei.»

Chegados ó lugar que Deus dixera, Abrahán construíu un altar, despois tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrificalo seu fillo.

Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo:

—«¡Abrahán! ¡Abrahán!» El respondeu:

—«Aquí estou.»

O anxo dixo:

—«Non póna-la man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negáche-lo teu fillo, o único que tes.»

Abrahán ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado nunha silveira polos cornos. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo.

O anxo do Señor chamou a Abrahán outra vez desde o ceo:

—«Xúroche por min mesmo —palabra do Señor— que po faceres isto e non me negáre-lo teu fillo, o único que tes, bendicireiti e farei crece-los teus descendentes coma as estrelas do ceo e as area do mar.

Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos. Tódolos pobos da terra terán bendición na túa descendencia, por me teres obedecido.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 15, 5 e 8. 9-10. 11 (R.: 1)

R. Gárdame, Señor, que en ti busco agarimo.

Ti es, Señor, a porción da miña herdade e do meu cáliz,
está nas túas mans o meu porvir.

Teño sempre presente o Señor,
con el ó meu lado non vou vacilar. **R.**

Por iso o meu corazón está contento,
as miñas entrañas reloucan
e o meu corpo descansa seguro,
pois non abandonarás no abismo a miña vida,
nin deixarás que o teu santo vexa a corrupción. **R.**

Has amosarme camiños de vida,
has encherme onda ti de ledicia,
de gozo sen fin ó teu lado. **R.**

TERCEIRA LECTURA
Pasaron os fillos de Israel polo medio do mar seco

Lectura do libro do Éxodo 14, 15—15, 1

Naqueles días, o Señor díxolle a Moisés:

—«¿Que queixas son esas cara a min? Manda ós israelitas que se poñan en marcha. Ti ergue a vara, alonga a man sobre o mar e pártelo en dous, de xeito que os israelitas pasen polo medio a pé enxoito. Eu endurecerei o corazón dos exipcios, que seguirán perseguíndovos. E mostrareime glorioso á conta do faraón, á dos seus carros e á dos seus cabaleiros. Ó mostra-la miña gloria á conta deles, aprenderán os exipcios que eu son o Señor.»

O anxo de Deus, que ía diante das hostes de Israel, cambiouse e púxose detrás. Tamén se moveu de diante para detrás a columna de nube. Púxose entre os exércitos de Exipto e os de Israel. A nube por unha banda era de tebra e pola outra alumaba a noite, de xeito que en toda a noite non puideron aproximarse os uns ós outros.

Moisés alongou a man sobre o mar, e o Señor removeuno cun vento forte do leste, que soprou toda a noite, ata seca-lo mar, coas augas partidas. Os israelitas entraron polo medio do mar a pé enxoito. As augas facían muros á súa dereita e á súa esquerda. Os exipcios que os perseguían, a cabalería do faraón, os carros e os cabaleiros, entraron no mar tras deles.

Cerca da madrugada, ollou o Señor desde a columna de nube e de lume para o campamento exipcio e cubriuno de confusión. Pexou as rodas dos carros, de xeito que non podían case que andar. Os exipcios entón dixeron: —«Fuxamos dos israelitas, pois o Señor loita por eles contra nós.» O Señor díxolle a Moisés:

—«Estende a man cara ó mar, e as augas volveranse sobre os exipcios, os seus carros e os seus cabaleiros.»

Moisés alongou a man cara ó mar e, contra a mañá, este volveu ó seu sitio. Os exipcios, fuxindo, deron con el, e o Señor alagounos nas súas augas. As augas, ó xuntárense, cubriron os carros, os cabaleiros e todo o exército do faraón, que entrara no mar tras de Israel. Non quedou nin sequera un.

Os israelitas pasaron a pé enxoito polo medio do mar, mentres as augas facían muro á súa dereita e á súa esquerda.

Aquel día salvou o Señor a Israel do poder dos exipcios. Israel puido ver na beira do mar os exipcios mortos. Israel recoñeceu con que man poderosa o Señor tratara ós exipcios. O pobo temeu o Señor e creu nel e no seu servo Moisés.

Entón Moisés e os israelitas cantaron este canto ó Señor:

Salmo responsorial Ex 15, 1-2. 3-4. 5-6. 17-18 (R.: la)

R. Cantareille ó Señor, é grande a súa victoria.

Cantareille ó Señor, é grande a súa victoria:
precipitou no mar cabalo e cabaleiro.

A miña forza e o meu cántico é o Señor,
el é a miña salvación.

El é o meu Deus, e loareino,
o Deus de meu pai, e enxalzareino. **R.**

O Señor é un guerreiro;
o seu nome é «O Señor».

Alagou no mar o Faraón cos seus exércitos,
a flor dos seus capitáns afogou no Mar Rubio. **R.**

Os abismos cubríronos,
baixaron ó fondo coma pedras.

A túa destra, Señor, distínguese pola forza,
a túa destra, Señor, tronza os inimigos. **R.**

Guíalos e plántalos no monte da túa herdade,
no lugar onde fixeches, Señor, a túa morada,
no santuario, Señor, que fundaches coas túas mans.

O Señor reinará por sempre eternamente. **R.**

CUARTA LECTURA
Pola súa sempiterna misericordia, o teu redentor,
o Señor, tivo misericordia de ti

Lectura do libro do profeta Isaías 54, 5-14

Velaí o teu Facedor, o teu Creador, Señor Todopoderoso é o seu nome.

Certo que o teu Redentor é o Santo de Israel, chámase Deus de toda a terra. Si, o Señor chamoute coma á esposa abandonada e aflixida no espírito, e coma á esposa da xuventude, que de certo foi rexeitada; o teu Deus díxoches:

Durante un pouco tempo abandoneite, pero con inmensa compaixón recollereite. Por un arrebatado de ira escondín a miña cara de ti algún tempo pero con amor eterno teño compaixón de ti —dixo o Señor, o teu Redentor—.

Si, nos días de Noé aconteceume isto: xurei que as augas de Noé non volverían cruzar sobre a terra, así tamén xurei que non me enfadaría contra ti nin te ameazaría. Pois os montes moveranse e os outeiros abanearán, pero o meu amor non se moverá de onda ti e a miña alianza de paz non cambaleará —dixo o Señor, que ten compaixón de ti—.

Aflixida, azoutada polos ventos, non es compadecida. Olla que eu asento con cordel de color as túas pedras e ciméntote con zafiros.

Asento as túas torres con rubís, e as túas portadas con pedras de cuarzo. Toda a túa muralla con pedras preciosas. Tódolos teus fílls son discípulos do Señor, e mestres da paz son os teus fillos, e estabas ben afincada na xustiza. Gárdate lonxe da opresión. ¡Non teñas medo! E lonxe do terror. ¡Que a ti non se arrime!

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 29, 2 e 4. 5-6. 11 e 12a e 13b (R.: 2a)

R. Eu lóote, Señor, porque me libraches.

Eu lóote, Señor, porque me libraches
e non deixaches rirse de min os inimigos.
Sacaches do abismo a miña vida,
fixéchesme revivir, lonxe dos que baixan ó sepulcro. **R.**

Cantádelle ó Señor os seus amados,
loade o seu santo nome.
O seu furor dura só un intre;
o seu favor, toda a vida.
Se hai pranto á tardiña, ó abrete xa hai ledicia. **R.**

Escoita, Señor; ten compaixón de min,
Señor, ven socorrerme.
Trocáche-lo meu lamento en danza,
Señor, meu Deus, hei loarte por sempre. **R.**

QUINTA LECTURA

Vinde a min para que teñades vida e establecerei convosco alianza sempiterna

Lectura do libro do profeta Isaías 55, 1-11

Isto di o Señor:

«¡Ouh, sedentos todos, vinde por auga!

Os que non tedes prata, vinde, comprade comida e comedede, vinde e comprade comida; sen prata e sen diñeiro comprade viño e leite.

Porque cambiades prata polo que non é pan e o voso xornal polo que non farta.

Escoitádemme ben: comedede ben e que a voso gorxa se alegre coa graxa.

Baixade o oído e vinde onda min, facédemme caso e revivirán as vosas ilusións, pois pactarei convosco unha alianza eterna, os beneficios de David que se manteñen firmes.

Velaquí: fareino pregoeiro das nacións, príncipe e lexislador das nacións.

Convocarás un pobo que non coñeces, e un pobo que non te coñece correrá onda ti, polo Señor, o teu Deus, e polo santo de Israel, que ¡tanto te glorificou!

Buscade o Señor mentres se deixa atopar, invocádeo mentres está cerca.

Que o malvado deixe o seu vieiro, e que o home pecador deixe os seus planos, que se volva ó Señor para que teña misericordia del, que se volva ó noso Deus que ¡tanto engrandece ó perdoar!

Pois si, os meus planos non son os vosos planos, nin os vosos vieiros son os meus vieiros —é o Señor quen fala—.

¡Canto máis altos son os ceos cá terra! Así son máis altos os meus planos cós vosos planos, e os meus vieiros cós vosos vieiros.

Velaquí: como a chuvia e a neve baixan do ceo e non voltan alá sen enchoupa-la terra, fecundala e facela brotar, para que lle dea semente ó que sementou e pan ó que come, así tamén será a miña palabra que sae da miña boca: non volverá a min en van, senón que fará o que eu queira, e conseguirá aquilo para o que a mandei.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Is 12, 2-3. 4bcd. 5-6 (R.: 3)

R. Sacaredes auga con gozo das fontes de salvación.

Deus é a miña salvación,
procederei confiadamente e non terei medo.
A miña forza e o meu cántico é o Señor,
el é a miña salvación.
Sacaredes auga con gozo das fontes de salvación. **R.**

Dádelle gracias ó Señor e invocade o seu nome.
Pregoades entre os pobos os seus feitos,
proclamade que o seu nome é grande. **R.**

Cantádelle ó Señor, que fixo cousas magníficas,
anunciádeas en toda a terra.
Clamade con gozo e ledicia, habitantes de Sión:
Que grande é no medio de ti o Santo de Israel. **R.**

SEXTA LECTURA

Anda para glorificación do Señor

Lectura do libro do profeta Baruc 3, 9-15. 32—4, 4

Escoita, Israel, mandamentos de vida; atende ben, para aprender a discernir. ¿Que sucede, Israel? ¿Por que estás no país dos inimigos, e avellentaches nun país estranxeiro?

¿Por que te volviches impuro cos seus cadáveres, e fuches contado cos que van ó Hades? Abandonáche-la fonte da sabedoría.

Se camiñases polo vieiro de Deus, habitarías en paz para sempre.

Aprende onde está o discernir, onde está a forza, onde está a intelixencia para coñecer; aprende tamén onde está a vida longa e a felicidade, onde está a luz dos ollos e a paz.

¿Quen atopou o seu lugar? ¿Quen entrou nos seus tesouros? Pero o que o sabe todo, coñécea, invéntaa co seu saber. O que formou a terra para a eternidade, encheuna de animais de catro patas.

O que lle manda á luz que veña, chamouna e ela obedeceu con temor. As estrelas brillaron lediciosas nos seus escondedoiros, El chamounas e respondéronlle: «¡Aquí estamos!»

Lampexaron con ledicia para o seu Creador. Este é o noso Deus, non hai outro a El comparable. El inventou todo o camiño da sabedoría e ensinoullo a Xacob, o seu servo, e a Israel, o seu benquerido. Despois disto, a sabedoría apareceu sobre a terra e viviu entre os homes. Ela é o libro dos mandamentos de Deus, a Lei que permanece para sempre. Tódolos que a aprezan terán a vida, e os que a deixan a un lado perecerán.

Convértete, Xacob, e abrázaa; camiña cara á claridade, ó encontro da súa luz.

Non lle deas a outro a túa gloria; nin os teus privilexios a unha nación estranxeira.

Somos felices, Israel, porque o que agrada a Deus déusenos a coñecer.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 18, 8. 9. 10. 11 (R.: Xn 6, 68c)

R.: Señor, ti tes palabras de vida eterna.

A lei do Señor é perfecta: reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme: fai sabio ó inxenuo. R.

Os mandatos do Señor son rectos: aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo: ilumina os ollos. R.

A vontade do Señor é pura: permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras: enteiramente xustas. R.

Son máis cobizables có ouro, máis có metal precioso;
son máis doces có mel, máis có zume da antera. R.

SETIMA LECTURA

Derramarei sobre vós auga limpa, e dareivos un corazón novo

Lectura do libro do profeta Ezequiel 36, 16-17a. 18-28

Veume a palabra do Señor nestes termos:

«Fillo de Adán, cando a Casa de Israel habitaba na súa terra, volvérona impura co seu comportamento e cos seus feitos. Pero eu desafoguei o meu noxo neles polo sangue que verteron sobre a terra, e polos feitos cos que a mancharon.

Entón eu espárexinos por entre os pobos e dispersáronse polos países; xulgueinos conforme o seu comportamento e conforme os seus feitos.

Ó entraren nas nacións onde foron, profanaron o meu santo Nome, e dicíase deles: "Estes son o pobo do Señor, e tiveron que saír da terra del."

Entón eu tiven consideración co meu santo Nome, o que profanara a Casa de Israel entre os pobos onde fora.

Por isto, dille á Casa de Israel: Así fala o meu Señor: "Casa de Israel, non por vós vou eu actuar, senón por mor do meu santo Nome, que vós profanastes entre as nacións onde fostes.

Pois vou facer que se recoñeza a santidade do meu gran Nome, profanado entre as nacións nas que vós o profanastes. Entón recoñecerán estas nacións que eu son o Señor —é o meu Señor, quen fala—, cando eu vos faga recoñece-la miña santidade na súa presenza.

Pois recollereivos das nacións, xuntareivos de tódolos países e traereivos á vosa terra.

Asperxerei sobre vós auga purificadora e quedaredes puros; de tódalas vosas impurezas e de tódalas vosas idolatrías heivos purificar.

Dareivos un corazón novo e poñerei nas vosas entrañas un espírito novo; sacarei da vosa carne o corazón de pedra e poreivos un corazón de carne.

Porei nas vosas entrañas o meu espírito e farei que camiñedes conforme os meus preceptos e que gardéde-los meus mandamentos e os cumprades.

Viviredes no país que lles dei a vosos pais: seréde-lo meu pobo e eu serei o voso Deus."»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 41, 3. 5bcd; Sal 42, 3. 4 (R.: Sal 41, 2)

R.: Como devece a cervo pola auga dos regatos,
así devece por ti, meu Deus, a miña alma.

A miña alma ten sede do Deus vivo:
¿cando verei o rostro de Deus? **R.**

Desafógase comigo a miña alma:
Eu marchaba á fronte do pobo cara á casa de Deus,
entre voces de xúbilo e loanza dun xentío en festa. **R.**

Manda a túa luz e a túa verdade, que elas me guiarán;
levaranme ó teu monte santo, á túa mesma morada. **R.**

Achegareime ó altar de Deus, o Deus da miña alegría,
e loareite ó son da cítola, Deus, meu Deus. **R.**

Ou, cando se celebra o bautismo, Is 12, 2-3. 4bcd. 5-6, como despois da quinta lectura (p. 120).

Ou tamén:

Sal 50, 12-13. 14-15. 18-19 (R.: 12a)

R.: Crea, oh Deus, en min un corazón puro.

Crea, oh Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro con espírito firme;
non me botes da túa presenza
e non tires de min o teu santo espírito. **R.**

Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme cun espírito xeneroso.
Ensinarei o teu camiño ós pecadores
e volverán a ti os descarreirados. **R.**

Con sacrificios ti non te compraces;
se che ofrezco holocaustos, ti non os aceptas.
O meu sacrificio a Deus é un espírito contrito:
un corazón contrito e humilde Deus, ti non o desprezas. **R.**

PRIMEIRA LECTURA DO NOVO TESTAMENTO
Cristo resucitado de entre os mortos xa non morre máis

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 6, 3-11

Irmáns:

¿Ignorades que a cantos nos bautizaron en Cristo Xesús, bautizáronnos na súa morte? Enterráronnos, logo, con el polo bautismo na morte, para que, como Cristo resucitou dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova.

Pois se nos enxertaron nel pola semellanza dunha morte como a súa, seguro que tamén o farán por unha resurrección semellante.

Pois habedes saber que o noso home vello foi crucificado para destruí-lo corpo pecador, de xeito que non sirvamos máis ó pecado. Porque o que morre, queda liberado do pecado.

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El; e ben sabemos que Cristo, resucitando dos mortos, xa non morre máis, a morte xa non pode nada contra El. Porque o seu morrer foi un morrer ó pecado para sempre, mais o seu vivir é un vivir para Deus.

Así tamén, vós considerádevos mortos ó pecado e vivos para Deus en Cristo Xesús.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 117, 1-2. 16ab-17. 22-23

R. Aleluia. Aleluia. Aleluia.

Loade o Señor porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia. **R.**

A destra do Señor é excelsa,
a destra do Señor fixo proezas.
Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor. **R.**

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo, unha marabilla á nosa vista. **R.**

EVANXEO
Xesús Nazareno, crucificado, resucitou

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 16, 1-7

Pasado o sábado, María Madalena, María de Santiago e mais Salomé mercaron perfumes para iren embalsamalo. E moi cedo, no primeiro día da semana, despois da alborada, foron ó sepulcro. Ian comentando entre elas: —«¿Quen nos vai arreda-la lousa da entrada do sepulcro?» Pero, erguendo a vista, descubriron que a lousa estaba arredada; iso que era moi grande. Entrando no sepulcro, viron un mozo vestido de branco, sentado no lado dereito, e quedaron espantadas. Pero el díxolles: —«Non vos espantedes. ¿Buscades a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí, resucitou. Mirade o lugar onde o puxeron. Agora ídelles dicir ós discípulos e mais a Pedro que el vai diante de vós a Galilea; alí o veredes, como vos ten dito.»

Palabra do Señor.

PARA A MISA DO DIA DE PASCUA

PRIMEIRA LECTURA

Temos comido e bebido con el despois de que resucitou de entre os mortos

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 10, 34a. 37-43

Naqueles días, tomou Pedro a palabra e dixo:

—«Vós sabéde-lo que pasou en toda a Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a tódolos que estaban asoballados por Satán; pois Deus estaba con el.

E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeus e mais en Xerusalén. Matárono, colgándoo dun madeiro. A este resucitouno Deus ó terceiro día e concedeuille que se deixase ver, non de todo o pobo, senón das testemuñas escollidas de antemán por Deus: nós, que comemos e bebemos con el, despois de que resucitou de entre os mortos.

E mandounos que predicasemos ó pobo e atestemos que el é quen foi constituído por Deus xuíz de vivos e de mortos.

El é de quen tódolos profetas dan este testemuño: tódolos que crean nel recibirán polo seu nome o perdón dos pecados.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 117, 1-2. 16ab-17. 22-23 (R.: 24)

R.: Éste é o día no que o Señor actuou: alegrémonos nel e relouquemos.

Ou: Aleluia.

Loade o Señor porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia. **R.**

A destra do Señor é excelsa,
a destra do Señor fixo proezas.
Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor. **R.**

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo, unha marabilla á nosa vista. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Buscade as cousas de alá enriba, onde está Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses **3, 1-4**

Irmáns:

Se resucitastes con Cristo, buscade as cousas de alá enriba, onde Cristo está sentado á dereita de Deus; arelade o de arriba e non o da terra.

Vós morrestes e a vosa vida está agachada con Cristo en Deus.

Cando se manifeste Cristo, que é a vosa vida, daquela tamén vós vos manifestades con El cheos de gloria.

Palabra do Señor.

Ou tamén:

Purificádevos do vello fermento, para serdes unha masa nova

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios **5, 6b-8**

Irmáns:

¿Non sabedes que un pouco de fermento leveda a masa toda?

Purificádevos do vello fermento, para serdes unha masa nova, coma pans ácidos que sodes.

Pois o noso año pascual, Cristo, xa foi inmolado.

Fagamos, logo, a festa pero non con fermento vello nin con fermento de malicia e perversidade, senón con pan ácimo de pureza e de verdade.

Palabra do Señor.

SECUENCIA

É obrigatorio dicila hoxe; os días dentro da Oitava é potestativo.

Con cánticos de festa, xubilosos,
loemos o que foi pan inmoldado,
á Vítima pascual, trigo frutuoso.

Ó Año que, inocente, sen pecado,
co Pai reconciliando os pecadores,
penou polo rabaño, en amor dado.

Loitaron morte e vida, moitas dores,
en gran confrontación; o rei da vida
morreu e reina vivo entre loores.

«¿Que viches, di, María, na amencida?
¿Que viches, cando estabas no camiño?»
«A pedra do sepulcro xa corrida.

Choraba eu por Xesús con gran cariño
e foime dado en gracia esplendorosa
a gloria do que vence, en aloumiño.

E vin, tamén, os anxos que gloriosas
palabras me dicían de confianza;
vestidos e sudarios vin gozosa.

Xesús resucitou, leda esperanza
para min, tamén para os seus amigos todos
que irán a Galilea en recordanza.»

Que Cristo rexurdiu, el o primeiro,
é fe que nesta Pascua proclamamos;
de agora e ata o intre derradeiro
co teu poder de vida camiñamos.

Aleluia 1 Cor 5, 7b-8a

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia. Aleluia

Foi inmolado Cristo, a nosa Pascua;
así que celebremos festa no Señor.

Aleluia.

EVANXEO

E necesario que resucite de entre os mortos

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 1-9

No día primeiro da semana María a Madalena foi ó sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo, a quen amaba Xesús, díxolles:

—«Colleron do sepulcro o Señor, e non sabemos onde o puxeron.»

Pedro e mailo outro discípulo saíron correndo cara ó sepulcro. Corrían os dous á par. Pero o outro discípulo correu máis lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ó sepulcro.

Abaixándose, viu que estaban os lenzos, pero non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Pero o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar.

Entón entrou tamén o outro discípulo, que chegara primeiro, ó sepulcro; viu e creu. (Pois aínda non entenderan que, conforme a Escritura, era preciso que resucitase de entre os mortos.)

Palabra do Señor.

Tamén se pode proclama-lo evanxeo da Vixilia pascual, p. 126.

Cando hai Misa vespertina, tamén se pode proclamar o seguinte evanxeo:

EVANXEO Queda connosco, que xa se fai noite

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 24, 13-35

Naquel día, dous dos discípulos ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén.

Ían falando de canto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles. Pero os seus ollos estaban incapacitados para o recoñecer. Entón preguntoulles:

—«¿De que ides falando polo camiño?»

Eles pararon cun semblante moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

—«¿Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?» El preguntou:

—«¿De que, logo?»

Eles contestaron:

—«Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron.

Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ó risca-lo día ó sepulcro, e, ó non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. E algúns dos nosos alá foron ó sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.»

Entón díxolles:

—«¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo ¿non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?»

E comezando por Moisés e tódolos profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ó entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante.

Pero eles porfiáronlle, dicindo:

—«Queda connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.»

Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselle-los ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixeron:

—«¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándono-las Escrituras?»

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían:

—«É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón.» Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño, e como recoñeceran no parti-lo pan.

Palabra do Señor.

DOMINGO II DE PASCUA

PRIMEIRA LECTURA **Un só corazón e unha soa alma**

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **4, 32-35**

A comunidade dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma, e ninguén consideraba coma seu o que posuía, senón que tódalas cousas eran comúns. Os apóstolos, con gran poder, daban testemuño da resurrección do Señor Xesús, e todos eles eran ben considerados.

Non había entre eles ningún necesitado, porque tódolos que tiñan bens ou casas vendíanos, levaban os cartos e depositábanos ós pés dos apóstolos, que repartían a cadaquén segundo precisaba.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 117, 2-4. 16ab-18. 22-24 (R.: 1)

R.: Loade o Señor, porque é bo, porque é para sempre a súa misericordia.

Ou: Aleluia.

Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Aharón:
é para sempre a súa misericordia.
Que o digan os que temen o Señor:
é para sempre a súa misericordia. **R.**

A destra do Señor é excelsa,
a destra do Señor fixo proezas.
Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor.
Castigoume o Señor, castigoume,
mais non me entregou á morte. **R.**

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista.
Este é o día no que o Señor actuou:
alegrémonos nel e relouquemos. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Canto nace de Deus vence o mundo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Xoán 5, 1-6

Irmáns benqueridos:

Todos cantos cren que Xesús é o Mesías, naceron de Deus; e quen ama o que enxendra, ama tamén a quen aquel enxendrou. Sabemos que amámo-los fillos de Deus, se amamos a Deus e cumprimos cos seus mandamentos.

Porque o amor a Deus consiste en cumprir cos seus mandamentos.

Os mandamentos de Deus non son pesados, porque nacer de Deus permítenos vence-lo mundo. E esta é a victoria que derrota o mundo: a nosa fe.

Porque ¿quen é o que derrota o mundo, senón o que cre que Xesús é o Fillo de Deus?

O que veu con auga e sangue, foi el, Xesús Cristo; non veu con auga só, senón con auga e con sangue.

E o Espírito é quen dá testemuño, xa que o Espírito é a Verdade.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 20, 29

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Porque me viches, Tomé, tes fe, di o Señor;

ditosos os que creron sen veren.

Aleluia.

EVANXEO
Pasados oito días, veu Xesús

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles:

—«Paz convosco.»

Dito isto, mostroulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

—«Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.» E dito isto alentou sobre eles e díxolles:

—«Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos.»

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús.

Dicíanlle entón os outros discípulos:

—«Vímo-lo Señor.»

Pero el contestoulles:

—«Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non creerei.»

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

—«Paz convosco.»

Despois díxolle a Tomé:

—«Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe. »

Tomé respondeulle:

—«¡Meu Señor e meu Deus!»

Xesús díxolle:

—«¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren.

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

Palabra do Señor.

DOMINGO III DE PASCUA

PRIMEIRA LECTURA

Matáste-lo autor da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 3, 13-15. 17-19

Naqueles días, díxolle Pedro ó pobo:

—«O Deus de Abrahán, de Isaac e de Xacob, o Deus de nosos pais, glorificou ó seu servo Xesús, a quen vós entregastes e negastes diante de Pilato, cando este estaba decidido a deixalo en liberdade.

Pero vós rexeitáste-lo Santo e o Xusto; pedistes que indultasen a un asasino, mentres que matáste-lo dono da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos; disto nós somos testemuñas.

Xa sei, irmáns, que obrastes por ignorancia, como tamén as vosas autoridades; pero Deus cumpriu así o que anunciara por boca dos profetas: que o seu Cristo padecería. Arrepentídevos, logo, e convertédevos, para que se borren os vosos pecados.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 4, 2. 4. 7. 9 (R.: 7a)

R.: Fai brillar sobre nós, Señor, a luz do teu rostro.

Ou: Aleluia.

Cando te invoco, respóndeme,
meu Deus, meu defensor;
na estreiteza ti déchesme fartura;
apiádate de min e escoita a miña oración. **R.**

Recoñecedes que o Señor enalteceu o seu amigo,
que o Señor me responde cando o chamo. **R.**

Moitos din: «¿Quen nos amosará a felicidade,
se fuxiu de nós, Señor, a luz do teu rostro?» **R.**

Déitome en paz e logo adormezo,
porque só ti, Señor, me dás seguridade. **R.**

SEGUNDA LECTURA

El é propiciación polos nosos pecados e polos de todo o mundo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Xoán **2, 1-5a**

Meus filliños, escribovos estas cousas para que non pequedes; pero, se algún peca, temos quen nos defenda diante do Pai: Xesús Cristo, o xustificador. El é quen expía os nosos pecados; e non só os nosos, senón tamén os de todo o mundo.

Sabemos que o coñecemos de verdade polo feito de que cumprimos cos seus mandamentos. O que di: «Eu coñezoo» pero non cumpre cos seus mandamentos, é un mentireiro e non ten en si a verdade revelada. Quen garda a súa Palabra, nel o amor de Deus chega de verdade ó máximo.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Lc 24, 32

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Señor Xesús, descúbrenos-lo sentido das Escrituras;

fai arde-lo noso corazón mentres nos falas.

Aleluia.

EVANXEO

**Tal está escrito, que Cristo ha padecer e resucitar de entre os mortos
ó terceiro día**

+ Lectura do santo evanxeo segundo Lucas 24, 35-48

Naquel tempo, os discípulos de Xesús que volveron de Emaús contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no parti-lo pan.

Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles:

—«¡A paz sexa convosco!»

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles:

—«¿Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.»

E dicindo isto, mostrólle-las mans e mailos pés. Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer. Xesús preguntoulles:

—«¿Tedes por aí algo que comer?»

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles.

Logo díxolles:

—«A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e mais nos Salmos acerca de min.»

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu:

—«Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a tódolos pobos, empezando por Xerusalén. Vós seredes testemuñas de todo isto.»

Palabra do Señor.

DOMINGO IV DE PASCUA

PRIMEIRA LECTURA **En ningún outro hai salvación**

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 4, 8-12

Naqueles días, Pedro, cheo do Espírito Santo, díxolles:

—«Xefes do pobo e anciáns, xa que nos demandades polo favor feito a un enfermo e sobre o xeito como se curou, sabede todos vós e sáibao o pobo de Israel que é no nome de Xesús Cristo de Nazaret, a quen vós crucificastes e Deus resucitou de entre os mortos: por El está este home en pé e san diante de vós.

El é a pedra que refugastes vós, os constructores, e que se converteu en pedra esquinál. En ningún outro hai salvación, porque non hai ningún outro nome baixo do ceo, dado ós homes, no que nos poidamos salvar.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 117, 1 e 8-9. 21-23. 26 e 28 e 29 (R.: 22)

R.: A pedra que os canteiros desbotaran,
esa mesma converteuse en esquinal.

Ou: Aleluia.

Loade o Señor porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia.
Máis vale abeirarse no Señor
que fiarse dos homes.
Máis vale abeirarse no Señor
que fiarse dos grandes. **R.**

Douche gracias porque me escoitaches,
por teres sido a miña salvación.
A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista. **R.**

Bendito o que vén no nome do Señor:
desde a casa do Señor bendicímosvos.
Ti e-lo meu Deus, veño darche gracias;
meu Deus, veño enxalzarte.
Loade o Señor, porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Veremos a Deus tal como é

Lectura da primeira carta do apóstolo san Xoán 3, 1-2

Meus amigos:

Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade.

Por iso o mundo non nos recoñece: porque tampouco non o recoñeceu a El. Meus amigos, xa somos fillos de Deus, pero aínda non está á vista o que seremos; sabemos que cando Xesús apareza, nós seremos coma el, xa que o veremos tal e como é.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 10, 14

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu son o bo pastor, di o Señor;
coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min.

Aleluia.

EVANXEO
O bo pastor dá a súa vida polas ovellas

+ Lectura do santo evanxeo segundo Xoán 10, 11-18

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

—«Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas.

O criado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vi-lo lobo, deixa as ovellas e foxe e o lobo rapínaas e dispérsaas; porque el anda ó xornal e as ovellas non lle importan.

Eu son o Bo Pastor: coñezo as miñas e as miñas coñécenme a min. Igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai, e dou a miña vida polas ovellas. Teño ademais outras ovellas que non son deste curro: tamén a esas téñoas que guiar, e escoitarán a miña voz e farase un único rabaño e un único pastor.

Por iso ámame o Pai: porque eu dou a miña vida, para tomala de novo.

Ninguén ma quita; non, eu douna voluntariamente. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai.»

Palabra do Señor.

DOMINGO V DE PASCUA

PRIMEIRA LECTURA

Contoulles como vira o Señor no camiño

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **9, 26-31**

Naqueles días, cando chegou Saulo a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos; pero todos lle tiñan medo, non crendo que fose discípulo de verdade.

Pero Bernabé, colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús.

Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes querían matar. Ó sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e mais Samaría. Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ó Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 21, 26b-27. 28 e 30. 31-32 (R.: 26a)

R.: ¡Ti espérta-la miña loanza na asemblea!

Ou: Aleluia.

Cumprirei os meus votos
na presenza dos que o temen.
Os pobres comerán ata fartarse,
loarán ó Señor os que o buscan
e gozarán de vida duradeira. **R.**

Lembraranse do Señor e volverán a El
tódolos confíns da terra;
axeonllaranse na súa presenza
as familias todas dos pobos.
Prostraranse perante El
os que repousan na terra,
axeonllaranse na súa presenza
os que baixan ó po. **R.**

Eu hei vivir para El,
e hao servir a miña proxenie.
Falarase do Señor á xeración vindeira,
a súa xustiza será revelada
ó pobo que ha de nacer:
«Velaí a obra do Señor.» **R.**

SEGUNDA LECTURA

Este é o seu mandamento, que creamos e amemos

Lectura da primeira carta do apóstolo san Xoán **3, 18-24**

Meus filliños, non amemos de palabra e de lingua, senón con feitos e na verdade. Deste xeito saberemos que vivimos conforme á verdade e sosegarémo-lo noso corazón diante do tribunal de Deus. Porque aínda que o noso corazón nos acuse, Deus é meirande có noso corazón e coñece todo. Meus amigos, se o corazón non nos acusa, temos confianza para nos achegar a Deus e El dáno-lo que lle pidamos, porque cumprimos cos seus mandamentos e facémo-lo que a El lle agrada.

Isto é o que El manda: que creamos no seu Fillo Xesús Cristo e que nos queiramos ben uns ós outros, coma el nos mandou.

O que cumpre cos seus mandamentos está en comunión con Deus, e Deus en comunión con el: coñecemos que Deus está en comunión connosco polo Espírito que nos deu.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 15, 4a. 5b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Permanecede en min e eu en vós, di o Señor;

quen permanece en min, dá froito abondoso.

Aleluia.

EVANXEO

Quen permanece en min e eu nel, é portador de froito abondoso

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 1-8

Naquel tempo díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. O bacelo que en min non leva froito, arríncao; e o que leva froito, límpao, para que leve aínda máis froito. Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado.

Permanecedes en min e eu en vós.

Así como o ramo non pode levar froito pola súa conta, se non permanece na vide, tampouco vós, se non permanecedes en min. eu son a vide; vós os baceiros.

Quen permanece en min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois fora de min non poderdes facer nada. Se alguén non permanece en min, é coma os ramos arrincados fóra, que secan; apáñanos, bótanos no lume e arden.

Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer.

Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.»

Palabra do Señor.

DOMINGO VI DE PASCUA

Onde a Ascensión do Señor se celebra o domingo seguinte, no Domingo VI da Pascua pódense ler a segunda lectura e o evanxeo do domingo VII (núms. 59-61).

PRIMEIRA LECTURA

Tamén entre os xentís foi derramada a gracia do Espírito Santo

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 10, 25-26. 34-35. 44

Cando Pedro ía entrar, foi Cornelio á porta e botádoselle ós pés prostrouse. Pero Pedro levantouno, dicíndolle:

—«Érguete, que eu tamén son un home.»

Tomou entón Pedro a palabra e dixo:

—«Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta ó que lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa.»

Aínda Pedro estaba a dicir estas cousas, cando o Espírito Santo veu sobre tódolos que escoitaban a palabra.

Tódolos crentes da circuncisión, que viñeran con Pedro, ficaron cheos de asombro ó veren que o don de Espírito Santo tamén se espallaba sobre os pagáns, pois sentíanos falar en linguas e loar a Deus.

Entón Pedro dixo:

—«¿Pode alguén negarlle a auga do bautismo ós que recibiron o Espírito Santo o mesmo ca nós?»

E mandou que os bautizasen no nome de Xesús Cristo. Entón pedíronlle que quedase con eles algúns días.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4 (R.: cf. 2b)

R.: O Señor revela a súa xustiza ante os pobos.

Ou: Aleluia

Cantade ó Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas;
a súa destra deulle a victoria,
o seu brazo santo. **R.**

O Señor dá a coñece-la súa victoria,
revela a súa xustiza ante os pobos.
Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade
coa casa de Israel. **R.**

Os confíns todos da terra percibiron
a victoria do noso Deus.
Aclama ó Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Deus é amor

Lectura da primeira carta do apóstolo san Xoán **4, 7-10**

Meus amigos, amémonos uns ós outros, porque o amor vén de Deus; e todo aquel que ama naceu de Deus e coñece a Deus. O que non ama, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor.

O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ó mundo o seu Fillo Unixénito, para que nos dese a súa vida.

Hai amor dentro de nós, non porque nós teñamos amado a Deus, senón porque El nos amou a nós e mandou o seu Fillo para que expiase os nosos pecados.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 14, 23

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Quen me ama, cumprirá a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amarao e viremos a el.

Aleluia.

EVANXEO

**Ninguén ten amor meirande ca este:
que un dea a súa vida polos amigos**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 9-17

Naquel tempo díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Como me amou o Pai, así vos amei eu: permanecedes no meu amor. Se gardáde-los meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, como eu gardei os mandamentos de meu Pai, e permanezo no seu amor.

Díxenvos estas cousas para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos amei.

Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos.

Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando.

Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.

Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ó Pai no meu nome, volo conceda.

Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.»

Palabra do Señor.

Domingo VII de Pascua

Nos lugares onde a Ascensión do Señor se celebra o xoves da semana VI do tempo pascual, hoxe empréganse as lecturas do domingo VII de Pascua, núms. 59-61.

A ASCENSIÓN DO SEÑOR

PRIMEIRA LECTURA Elevouse á vista deles

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 1, 1-11

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi levado ó ceo, logo de ter dado instrucións polo Espírito Santo ós apóstolos que escollera.

Ós mesmos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ó Reino de Deus.

E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevós co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

—«Señor, ¿é agora cando vas restablece-lo Reino de Israel?»

El respondeulles:

—«Non vos acae a vós coñece-lo tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiréde-la forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seréde-las miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.»

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitóullelo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixeron:

—«Galileos, ¿que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ó ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 46, 2-3. 6-7. 8-9 (R.: 6)

R.: Deus sobe entre aclamacións, o Señor, ó son de trompetas.

Ou: Aleluia.

Aplaudide, pobos todos,
aclamade a Deus con cancións.
O Señor é excelso e terrible,
o gran rei de toda a terra. **R.**

Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas.
Cantádelle a Deus, cantádelle,
cantádelle ó noso rei, cantádelle. **R.**

Deus é o rei de toda a terra: cantádelle con xeito.
Deus reina sobre as nacións, sentado no seu trono sagrado. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Sentouno á súa dereita no ceo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios **1, 17-23**

Irmáns:

O Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai da gloria, vos conceda espírito de sabedoría e de revelación, para o coñecerdes ben; que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades cal é a esperanza da súa chamada, cal a riqueza da gloria da súa herdanza nos crentes, e cal o extraordinario portento do seu poder verbo de nós, os crentes, en consonancia co vigor da súa potencia e da súa forza, que exerceu con Cristo resucitándoo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, por riba de todo principado e potestade, de toda virtude e dominación, e por riba de todo título de honra recoñecido neste mundo e tamén no vindeiro.

Someteullo todo baixo os seus pés e púxollo por riba de todo como cabeza á Igrexa, que é o seu corpo, a plenitude daquel que o enche todo en tódalas cousas.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 28, 19a. 20b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ide e ensinade a tódalas xentes, di o Señor:
eu estou convosco tódolos días ata a fin do mundo.

Aleluia.

EVANXEO

Foi elevado ó ceo e senta á dereita de Deus

+ Lectura do final do santo Evanxeo segundo Marcos 16, 15-20

Naquel tempo, aparecéuselles Xesús ós Once e díxolles:

—«Ide polo mundo enteiro, e anunciade a Boa Nova a toda a creación.

Quen crea e reciba o bautismo, será salvo; e quen non crea, ha ser condenado. Os que crean, irán acompañados destes sinais: No meu nome han bota-los demos fóra e falarán linguas novas; collerán serpes coas mans, e se chegan a beber algún veneno, non lles fará mal ningún; imporánlle-las mans ós enfermos, e estes curarán.»

E o Señor Xesús, despois de lles falar así, foi levado ó ceo e sentou á dereita de Deus.

Eles saíron a predicar por tódalas partes, e o Señor cooperaba e confirmaba a Palabra cos sinais que os acompañaban.

Palabra do Señor.

SEGUNDA LECTURA

Ata acada-la plenitude de idade de Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios 4, 1-13

Irmáns:

Eu, preso polo Señor, pídivos que camiñedes segundo a dignidade da vocación que recibistes, con total humildade, mansedume e paciencia, aturándovos uns a outros con amor, esforzándovos por mante-la unidade do espírito no vínculo da paz.

Hai un só corpo e un só Espírito, do mesmo xeito que se vos chamou a unha única esperanza na vosa vocación.

Hai un só Señor, unha soa fe, un só bautismo, e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

A cada un de nós déuseno-la gracia segundo a medida do don de Cristo.

Por iso di a Escritura: Subiu ó alto levando cativos; concedéulle-los dons ós homes.

Ese «subiu» ¿que quere dicir senón que tamén baixou ó fondo da terra?; e o que baixou foi o mesmo que subiu á cima do ceo para enchelo todo.

E a uns fíxoos apóstolos; a outros, profetas; a outros, mensaxeiros do Evanxeo; e a outros, pastores e mestres, para fornecer cristiáns cara á tarefa do ministerio, para a edificación do corpo de Cristo ata que todos académo-la unidade na fe e no coñecemento do Fillo de Deus, a madurez do home perfecto, o desenvolvemento propio da plenitude de Cristo.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios **4, 1-7. 11-1**

Irmáns:

Eu, preso polo Señor, pídvos que camiñedes segundo a dignidade da vocación que recibistes, con total humildade, mansedume e paciencia, aturándovos uns a outros con amor, esforzándovos por mante-la unidade do espírito no vínculo da paz.

Hai un só corpo e un só Espírito, do mesmo xeito que se vos chamou a unha única esperanza na vosa vocación.

Hai un só Señor, unha soa fe, un só bautismo, e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

A cada un de nós déuseno-la gracia segundo a medida do don de Cristo.

E a uns fíxoos apóstolos; a outros, profetas; a outros, mensaxeiros do Evanxeo; e a outros, pastores e mestres, para fornecer cristiáns cara á tarefa do ministerio, para a edificación do corpo de Cristo, ata que todos académo-la unidade na fe e no coñecemento do Fillo de Deus, a madurez do home perfecto, o desenvolvemento propio da plenitude de Cristo.

Palabra do Señor.

DOMINGO VII DA PASCUA

As seguintes lecturas usaranse onde a Ascensión do Señor se celebrou o xoves da semana VI do tempo pascual.

PRIMEIRA LECTURA

Cómpre que un dos homes que nos acompañaron sexa connosco testemuña da súa resurrección

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos 1, 15-17. 20a. 20c-26

Por aqueles días, Pedro, erguéndose en medio dos irmáns (había alí un grupo de xente de case cento vinte persoas), dixo:

—«Irmáns, conviña que se cumprise a Escritura, onde por boca de David falou o Espírito Santo acerca de Xudas, que se fixo guía dos que prenderon a Xesús; el, que foi un de nós e recibira parte neste servicio.

Porque está escrito no libro dos Salmos: "Que fiquen a campo os seus bens, e tamén que outro reciba o seu cargo."

Cómpre, pois, que dos homes que nos acompañaron todo o tempo que o Señor Xesús estivo connosco, comezando desde o bautismo de Xoán ata o día en que foi levado de entre nós, un deles sexa connosco testemuña da súa resurrección.»

E presentaron dous: Xosé, o chamado Barsabás e por sobrenome o Xusto, e mais Matías.

Daquela oraron así:

—«Ti, Señor, que coñece-los corazóns de todos, amosa cal destes dous escolliches para ocupar neste servicio do apostolado o lugar que Xudas deixou para ir ó sitio que lle correspondía.»

Sortearon e correspondeulle a Matías, que formou grupo cos Once apóstolos.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 102, 1-2. 11-12. 19-20ab (R.: 19a)

R.: O Señor asentou no ceo o seu trono.

Ou: Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendí o Señor,
non esqueza-los seus beneficios. **R.**

Canto se alza o ceo sobre a terra,
así é grande o seu amor para os que o temen;
canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas. **R.**

O Señor asentou no ceo o seu trono
e o seu reino goberna o universo.
Bendicite o Señor, os seus anxos,
seres poderosos ás súas ordes. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Quen permanece no amor permanece en Deus e Deus nel

Lectura da primeira carta do apóstolo san Xoán **4, 11-16**

Meus amigos, se Deus nos amou tanto, tamén nós nos temos que amar uns ós outros. A Deus non o deu visto nunca ninguén; pero, se nós nos amamos uns ós outros, Deus está en comunión connosco e o seu amor faise realidade cumprida en nós.

Coñecemos que estamos en comunión con El e El connosco, en que nos deu parte no seu Espírito. Nós mesmos o contemplamos e por iso testemuñamos que o Pai mandou o seu Fillo como salvador do mundo.

Se un profesa que Xesús é o Fillo de Deus, Deus está en comunión con el e el con Deus. Pero nós xa o coñecemos e temos posta a nosa fe neste amor: o amor que Deus mantén vivo entre nós.

Deus é amor e quen permanece no amor, permanece en Deus e Deus permanece nel.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Xn 14, 18

Se non se canta. pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Non vos deixarei orfos, di o Señor:

voume e volverei onda vós e alegrarase o voso corazón.

Aleluia.

EVANXEO

¡Que sexan un, coma nós!

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 17, 1 lb-19

Naquel tempo, elevando os ollos ó ceo, Xesús orou dicindo:

—«Pai santo, coida ti mesmo dos que me entregaches, para que sexan un, coma nós.

Cando eu estaba con eles, coidábaos no teu lugar. Ti entregáchesmos; eu agarimeinos, e ningún deles se perdeu, fóra do fillo da perdición, de xeito que se cumprise a Escritura. Mais agora estou indo a ti, e falo estas cousas no mundo, para que eles teñan a plenitude do meu gozo. Eu déille-la túa palabra, e o mundo aborreceunos, pois eles non son do mundo, como tampouco eu son de mundo.

Non che pido que os tires do mundo, senón que os gardes do malo. Eles non son do mundo, como eu tampouco son do mundo.

Conságraos na verdade: a túa palabra é verdade. Coma ti me mandaches ó mundo, así os mando eu a eles; e por eles conságrome eu, para que tamén eles sexan consagrados na verdade.»

Palabra do Señor.

DOMINGO DE PENTECOSTES

MISA DA VIXILIA

Estas lecturas úsanse na tarde do sábado, antes ou despois das primeiras Vésperas do Domingo de Pentecostés.

PRIMEIRA LECTURA

Chamóuselle Babel, porque alí embarullouse a lingua de todo o mundo

Lectura do libro da Xénese 11, 1-9

Daquela, toda a terra falaba unha soa lingua e usaba as mesmas palabras. Ó emigraren os homes desde o oriente, encontráronse nunha chaira, no país de Xinar, e establecéronse alí. Dixéronse uns ós outros:

—«Imos facer ladrillos e cocelos no lume.»

O ladrillo facíalles de pedra e o betume de cemento.

E nisto propuxeron:

—«Imos construír unha cidade e unha torre que chegue co cimo ata o ceo, e fagámonos un nome sonado, para non nos perder pola ancha face da terra.»

Baixou o Señor para ve-la cidade e a torre que os homes construían, e pensou:

—«Aquí hai un pobo unido que fala a mesma lingua. Se empeza facendo isto, ninguén podería privalos desde agora de faceren o que lles veña á cabeza. Baixemos e embarullemos alí mesmo a súa lingua, de xeito que non se entendan uns cos outros.»

O Señor espallounos de alí por toda a terra, e deixaron de construí-la cidade. A esta chamóuselle Babel, porque alí embarullou o Señor a lingua de todo o mundo. Desde alí espallounos por toda a face da terra.

Palabra do Señor.

Ou:

Baixará o Señor diante de todo o pobo sobre o monte Sinaí

Lectura do libro do Éxodo 19, 3-8a. 16-20b

Naqueles días, Moisés subiu ó encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña para mandarlle dicir ós descendentes de Xacob, comunicarlles ós israelitas:

—«Vistes como tratei os exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min. Se agora me obedecedes e gardáde-la miña alianza, seréde-la miña propiedade escolleita entre tódolos pobos, pois a terra é toda miña. Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado. Isto é o que lles has dicir ós israelitas.»

Moisés foi chama-los anciáns de Israel, para expórlle-las palabras que lle mandara o Señor. O pobo todo a unha respondeu:

—«Faremos todo o que dixo o Señor.»

Ó amencer do terceiro día houbo trebóns e lóstregos, e unha nube mesta cubría a montaña. A trompeta soou moi forte e o pobo no acampamento arrepiaba co medo.

Moisés fixo saí-lo pobo do acampamento, e levouno ó encontro de Deus. Quedaron todos en pé na aba da montaña. O monte Sinaí fumegaba todo porque o Señor baixara sobre el en medio de lume. Subía fume, coma dun forno e toda a montaña tremía.

O son da trompeta facíase máis forte, mentres Moisés falaba e Deus respondía polo trebón.

O Señor baixou sobre o monte Sinaí, ó seu cume, e chamou por Moisés, para que subise onda El.

Palabra do Señor. '

Ou:

Ósos secos, infundiréivo-lo espírito e viviredes

Lectura do libro do profeta Ezequiel 37, 1-14

Naqueles días, a man do Señor veu sobre min e fíxome saír coa forza do seu Espírito, e púxome no medio do val, que estaba cheo de ósos.

Fíxome pasar diante deles dando voltas: e velaí que había moitísimos sobre a superficie do val, e estaban totalmente resecos. Entón díxome:

— «Fillo de Adán, ¿poderán revivir estes ósos?» Eu repuxen:

— «Señor, ti sábelo.»

Logo díxome: — «Pronuncia un oráculo sobre estes ósos e dilles: "Ósos resecos, escoitade a palabra do Señor: Así lles fala o meu Señor, a estes ósos: Velaquí: vou traer sobre vós o alento e reviviredes. Porei sobre vós tendóns e farei que criedes carne; cubrirevos con pel, porei en vós o alento, e reviviredes. Entón recoñeceredes que eu son o Señor.»

Eu pronunciei o oráculo tal como se me mandara; e mentres eu pronunciaba o oráculo, houbo un trono e logo un terremoto, e os ósos xuntáronse cada un co seu compañeiro.

Logo ollei e vin que sobre eles había tendóns, a carne ía medrando e a pel íaselles estendendo por riba. Pero non había neles alento. Logo díxome:

— «Pronúncialle un oráculo ó espírito, pronúnciao, fillo de Adán, e dille ó espírito: "Así fala o meu Señor: Desde os catro ventos, ven, espírito, e sopra nestes cadáveres, para que revivan."»

Eu pronunciei o oráculo, conforme me mandara. Entón o espírito entrou neles, e reviviron, e tíñanse de pé sobre as súas pernas: era un exército enormemente grande.

Entón díxome:

— «Fillo de Adán, estes ósos son a Casa de Israel enteira.

Velaquí o que din: "Os nosos ósos están resecos, a nosa esperanza está perdida; estamos esnaquizados." Por iso, profetiza e dilles: "Así fala o meu Señor: Velaí que eu vou abri-las vosas sepulturas, e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo, e vouvos levar á terra de Israel. Recoñeceredes que eu son o Señor, cando eu abra as vosas sepulturas, e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo. Vou poñer en vós o meu espírito e vouvos facer revivir na vosa terra. Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago — é o Señor quen fala — .

Palabra do Señor.

Ou:

Derramarei o meu Espírito sobre os meus servos e servas

Lectura do libro do profeta Xoel 3, 1-5

Así fala o Señor:

—«Despois disto sucederá que verterei o meu Espírito sobre toda carne, e os vosos fillos e mailas vosas fillas converteranse en profetas. Os vosos anciáns soñarán soños, os vosos mozos verán visións.

Tamén sobre os servos e mailas servas verterei naqueles días o meu Espírito. Farei prodixios no ceo e mais na terra: sangue, lume e columnas de fume.

O sol cambiarase en escuridade e a lúa en sangue, ante a chegada do día do Señor, do día grande e terrible.

Pero sucederá que todo aquel que invoque o nome do Señor se salvará, pois no monte Sión e en Xerusalén será dado o perdón —tal como o prometeu o Señor— e tamén para os fuxitivos que chame o Señor.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 103, 1-2a. 24 e 35c. 27-28. 29bc-30 (R.: cf. 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou: Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor.
Señor, meu Deus, ti es moi grande,
vestido de gloria e maxestade,
envolto en luz coma nun manto. **R.**

¡Cantas son, Señor, as túas obras,
todas feitas con saber!
A terra está chea das túas criaturas.
¡Bendí a Deus, alma miña! **R.**

Todos agardan de ti
que lles botes comida ó seu tempo.
Cando a botas, atrápana;
ábre-la man, e fártanse de bens. **R.**

Retíra-lo teu alento, e expiran, volvendo ó seu po.
Mánda-lo teu alento, e son creados
e renóva-la cara da terra. **R.**

SEGUNDA LECTURA

O Espírito intercede por nós con xemidos máis fondos cás palabras

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **8, 22-27**

Irmáns:

Sabemos que toda a creación xeme e se retorce ata o momento presente con dores coma de parto. Máis aínda, nós mesmos, que témo-las primicias do Espírito, xememos dentro de nós, degorando pola filiación, pola liberación do noso corpo. Pois estamos salvos en esperanza.

Ora, a esperanza do que se ve non é esperanza, pois ¿como pode un esperalo que xa ve? Pero, se esperámo-lo que non vemos, degoramos con constancia.

Do mesmo xeito, tamén o Espírito acode a axuda-la nosa debilidade. Pois nós non sabémo-lo que debemos pedir como cómpre; pero o mesmo Espírito intercede por nós con laios inefables.

E o Deus que escruta os corazóns, coñece a intención do Espírito, pois El intercede polos crentes, conforme á vontade de Deus.

Palabra do Señor.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis;
e acende neles o lume do teu amor.

Aleluia.

EVANXEO
Manarán ríos de auga viva

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán **7, 37-39**

No derradeiro día, o máis grande da festa, púxose Xesús de pé e gritou:
—«Se alguén ten sede, que veña onda min e beba. Como di a Escritura, a quen cre en min abrollaranlle do seu ventre regueiros de auga viva.»
(Isto dicíao do Espírito que habían recibir cantos creran nel: pois aínda non había Espírito, porque Xesús non fora aínda glorificado.)

Palabra do Señor.

MISA DO DIA

PRIMEIRA LECTURA

Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 2, 1-11

Cando se cumpriron os días de Pentecostés, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de tódalas nacións da terra. Ó se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros:

—«¡Olla! ¿E todos estes que están aí a falar non son galileos? ¿E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 103, lab e 24ac. 29bc-30. 31 e 34 (R.: 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou: Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor.
Señor, meu Deus, ti es moi grande.
¡Cantas son, Señor, as túas obras!
A terra está chea das túas criaturas. **R.**

Retíra-lo teu alento, e expiran,
volvendo ó seu po.
Mánda-lo teu alento, e son creados
e renóva-la cara da terra. **R.**

Gloria ó Señor por sempre,
alégrese o Señor coas súas obras.
Que El acolla o meu cantar
e alegrareime eu no Señor. **R.**

SEGUNDA LECTURA
A todos nos bautizaron nun único Espírito,
para formarmos un único corpo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios **12, 3b-7. 12-1**

Irmáns:

Ninguén que diga: «Renegado sexa Xesús», fala movido polo Espírito de Deus; e ninguén é capaz a dicir: «Xesús é o Señor», se non é baixo o influxo do Espírito Santo.

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servicios, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realización, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

A cadaquén dáelle a manifestación do Espírito para o ben común.

Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo: así tamén Cristo.

Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Palabra do Señor.

SECUENCIA

Ven, Espírito divino,
manda a túa luz do ceo.
Pai amoroso do pobre don,
nos teus dons xeneroso,
luz que penetra nas almas,
fonte de todo consolo.

Ven, hóspede desexado,
descanso do noso esforzo,
tregua no duro traballo,
brisa nas horas de afogo,
gozo que as bágoas enxuga
e reconforta na dor.

Entra ata o fondo da alma,
divina luz, e enriquécenos.
Mira o baleiro do home
se Ti lle faltas por dentro,
mira o que pode o pecado
cando falta o teu alento.

Lava en nós todo o manchado,
rega o árido e sedento,
sanda as feridas do pobo;
amolece o que está teso,
pon calor onde hai friaxe,
dámos bo discernimento.

Reparte os teus sete dons
segundo a fe dos teus servos.
Segundo a túa bondade,
dálle ó esforzo o teu premio,
salva a quen busca salvarse
e dáno-lo gozo eterno.
Amén. Aleluia.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis;
e acende neles o lume do teu amor.

Aleluia.

EVANXEO

Como me mandou a min o Pai, así vos mando eu a vós: recibide o Espírito Santo

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles:

—«Paz convosco.»

Dito isto, mostroulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

—«Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.»

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

—«Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados. quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.»

Palabra do Señor.

Ad libitum para o ano B:

SEGUNDA LECTURA

Froitos do Espírito

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas **5, 16-25**

Irmáns:

Quérovos dicir que vivades conforme o Espírito e que noi satisfagáde-los degoros da concupiscencia. Porque os baixos instintos cobizan contra o Espírito e o Espírito contra os baixos instintos: opóñense de tal xeito entre eles, que non facéde-lo que de verdade queredes. Mais, se vos guiades polo Espírito, daquela xa non estades baixo a Lei.

As obras dos baixos instintos tédelas ben á vista: fornicación, idulterio, libertinaxe, idolatría, bruxerías, xenreiras, liortas, cobiza, carraxes, retesías, discordias, faccións, envexas, bebedelas, enchentes e cousas polo estilo. E xa vos teño apercebido de que os que tal fagan non herdarán o Reino de Deus.

En cambio o froito do Espírito é amor, alegría, paz, paciencia, agarimo, bondade, fe, mansedume e dominio de si. Contra isto non lai Lei que valla. Os de Cristo Xesús crucificaron os baixos instintos coas súas paixóns e cobizas. Se vivimos no Espírito, camiñemos de acordo co Espírito.

Palabra do Señor.

EVANXEO

O Espírito da verdade conduciravos a toda verdade

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 26-27; 16, 12-15

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Cando veña o Paráclito que eu vos hei de mandar de onda o Pai, o Espírito da Verdade que vén do Pai, dará testemuño acerca de min; e tamén vós daredes testemuño, pois levades comigo desde o comezo.

Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podeades con elas agora. Cando veña El, o Espírito da Verdade, havos encamiñar á verdade plena, pois non vos falará pola súa conta, senón que vos dirá o que escoitou e anunciarávo-lo que ha de pasar.

El hame glorificar, pois recibirá do meu e interpretarávolo. Todo o que ten o Pai é meu, por iso díxenvos que recibirá do meu e volo interpretará a vós.»

Palabra do Señor.

Cando o luns ou aínda o martes despois de Pentecostés son días nos que os fieis deben ou acostuman participar na Misa, pódense retoma-las lecturas do Domingo de Pentecostés, ou as da celebración do Sacramento da Confirmación, Lec. III, núms. 764-768.